



# BASES CONCURSO FOTOGRÁFICO "GALICIA INNOVADORA E CREATIVA"



### **Artigo 1º.-Obxecto.**

Esta orde ten por obxecto establecer as bases que rexen o concurso fotográfico "Galicia: Innovadora e Creativa", que convoca a Fundación Galicia Europa coa colaboración da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura e da Dirección Xeral de Xuventude. Esta actividade ten por obxecto permitir aos mozos galegos expresar a través da fotografía a súa visión da Galicia máis moderna e de vangarda. A temática do certame está en consonancia coa celebración en 2009 do Ano Europeo da Creatividade e a Innovación co que a Unión Europea pretende fomentar a apertura de novos camiños en todos os eidos. As fotografías poderán recoller todos aqueles aspectos nos que Galicia acadou un gran progreso, sustentado pola innovación e a creación, grazas en parte á súa integración na Unión Europea.

### **Artigo 2º.-Orzamento.**

As actividades que impliquen o desenvolvemento deste concurso serán custeadas pola Fundación Galicia Europa, quen contará coas achegas da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura e da Dirección Xeral de Xuventude.

### **Artigo 3º.-Destinatarios.**

1. Poderán solicitar a participación os mozos ou mozas que cumpran todos os requisitos:

- Ser nados en Galicia, ser fillo de galegos ou residir en Galicia desde antes do 2006 (ter nacionalidade dun dos Estados membros da Unión Europea).
- Con idades abrangidas entre os 18 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2009.
- Non ser profesional, entendo este, como aquela persoa que mantén unha relación contractual permanente ou ocasional con algunha empresa vinculada á especialidade fotográfica e levando a cabo traballos directamente relacionados con ela, ou que está dada de alta como autónomo/a nunha actividade que teña unha relación directa coa citada especialidade.

2. A participación será sempre a título individual.

3. A participación supón a aceptación total das condicións fixadas nesta convocatoria e unicamente a Fundación Galicia Europa queda facultada para dirimir calquera controversia derivada da interpretación desta, así como para decidir a suspensión do concurso no caso de non acadarse unha participación mínima de dez solicitantes logo de comunicación a estes.

### **Artigo 4º.-Inscricións.**

1. A solicitude dos participantes deberá facerse no impreso de solicitude (anexo I).

2. Esta solicitude irá acompañada:

2.1. Da obra ou documentación que corresponda de acordo co disposto. Tanto na obra como na documentación citada non figurarán datos que identifiquen o autor/a.

2.2. Dun sobre pechado en cuxo exterior figurará exclusivamente o título ou o pseudónimo do autor/a, e no que irá o boletín de inscrición (anexo II) debidamente cuberto, xunto coa seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI polas dúas caras ou de documento oficial que acredite suficientemente a identidade.

-No caso dos mozos e mozas non galegos/as, residentes en Galicia, ademais do documento oficial que acredite suficientemente a identidade, certificado de empadramento.

-Currículo vitae (DIN A-4 por unha cara), en galego, do participante, que deberá presentarse en papel e tamén en CD ou DVD.

-Declaración responsable na cal quede constancia de que non mantén relación contractual permanente ou ocasional con algunha empresa vinculada á especialidade concreta en que solicita participar levando a cabo traballos directamente relacionados con ela, ou que non está dado/a de alta como autónomo/a nunha actividade que teña unha relación directa coa citada especialidade.

-Calquera soporte visual que se envíe, CD ou DVD, deberá ter as óptimas condicións de visionado e gravado.

3. As solicitudes, xunto co resto da documentación, poderán presentarse de maneira persoal ou a través de envío postal ao seguinte enderezo:

Fundación Galicia Europa

Horario: 9.00-14.00 h, de luns a venres

Rúa dos Feáns 3 C baixo

15706 Santiago de Compostela

### **Artigo 5º.-Prazo de presentación das solicitudes e emenda de defectos.**

1. O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o 16 de setembro e rematará o día 20 de outubro 2009.

2. Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación, a Fundación Galicia Europa requirirá o solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición.

### **Artigo 6º. Modo de presentación das obras**

1. As obras presentadas serán orixinais.

2. As obras deberán corresponderse coa temática proposta.

3. As obras deberán ir enmarcadas ou sobre soporte ríxido (grosor máximo 5mm) para a súa apta exhibición.

4. Os gastos de embalaxe e transporte corren a cargo do participante. Todas as obras deberán estar embaladas correctamente, cunha embalaxe reutilizable. A Fundación Galicia Europa non se responsabiliza da deterioración das obras a consecuencia dunha mala embalaxe. Non se aceptarán obras protexidas con cristal.

5. O autor deberá presentar xunto coa fotografía un pequeno texto descriptivo (que non excederá as vinte liñas) no que explique a relación da imaxe coa temática establecida.

6. As fotografías presentaranse:

- As fotografías poderán ser en cor ou en branco e negro.
- As obras terán que ser presentadas en soporte físico e dixital. Só se terán en conta as obras presentadas en ambos formatos.- En papel, as medidas das obras non poderán ser superiores aos 100x100cm nin inferiores a 40 X 50 cm. No reverso debe figurar só o título da obra ou o pseudónimo do autor/a.
- En dixital, enviar a obra en formato tiff a unha resolución de 300 ppp, un tamaño mínimo de 21x29 cm (A4). Non se considerará ningunha fotografía de calidade ou resolución inferior.

### **Artigo 7º.-Comisión de selección.**

Constituirase unha comisión de selección, cuxos membros serán nomeados pola Fundación Galicia Europa e os patrocinadores. Os nomes dos integrantes da comisión serán publicados na páxina web [www.fundaciongaliciaeuropa.eu](http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu) con anterioridade ás reunións que se levarán a cabo. As decisións da comisión de selección serán inapelables.

### **Artigo 8º.-Tramitación e resolución.**

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 5º as solicitudes que non cumpran os requisitos establecidos nesta orde non serán admitidas a trámite, dítarase para o efecto a oportuna resolución.

2. As demais solicitudes remitiranse á comisión de selección, que examinará e valorará as diferentes obras en función da súa calidade e a proximidade á temática descrita, propondrá a adxudicación de tres premios e redactará a proposta de resolución.

3. A resolución seralles notificada a todos os solicitantes no prazo máximo de 10 días, contados desde o día seguinte á finalización do período de recepción de traballos. Transcorrido o devandito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnados directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A relación de premiados será publicada na páxina web [www.fundaciongaliciaeuropa.eu](http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu).

### **Artigo 9º.-Obras e premios.**

1. Cada participante poderá presentar soamente unha fotografía.

2. As obras presentadas polos/as participantes non poderán ter sido premiadas, no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes, noutros certames ou concursos.

3. A Fundación Galicia Europa quedará eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera transgresión da lexislación vixente na que en materia de propiedade intelectual puidesen incorrer os/as participantes.

4. A comisión seleccionará as obras finalistas entre todas as presentadas. Desta selección, sairán as tres premiadas.

5. Establécense os seguintes premios:

Un primeiro premio de 3.000 euros.

Un segundo premio de 2.000 euros.

Un terceiro premio de 1.000 euros.

Con carácter xeral, poderanse outorgar mencións de honra, que carecerán de dotación económica.

6. As contías dos premios obxecto desta convocatoria serán únicos e estarán suxeitos ás retencións correspondentes conforme a lexislación tributaria.

7. Entregaranse diplomas a todos os premiados e aos finalistas.

8. Segundo a calidade das obras, os premios poden ser declarados desertos ou compartidos. Neste último caso, a contía do premio que se reparta dividirse equitativamente entre as obras premiadas.

### **Artigo 10º.-Destino e devolución das obras.**

1. As obras dos participantes finalistas quedarán en posesión da Fundación Galicia Europa.

2. A Fundación Galicia Europa poderá desenvolver as accións que considere oportunas encamiñadas á difusión dos traballos seleccionados nesta convocatoria.

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso de traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Fundación Galicia Europa dos dereitos de edición.

As obras finalistas poderán ser presentadas en exposicións temporais en localidades de Galicia, España e outros Estados membros da Unión Europea.

Queda implícita a autorización dos participantes, á favor da Fundación Galicia Europa, para montar exposicións e/ou para a exhibición, reprodución ou publicación das obras presentadas por calquera medio que se considere oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.

3. Os/as autores/as quedarán comprometidos a realizar as modificacións precisas nos documentos finais e/ou subministrar os arquivos necesarios para que as fotografías sexan publicadas total ou parcialmente no formato máis adecuado.

4. As obras non seleccionadas ou, de ser o caso, calquera outro material presentado no seu lugar, deberán ser retiradas por eles ou por unha persoa autorizada no lugar que determine a Fundación Galicia Europa, no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da recepción da notificación coa decisión da comisión de selección.

Transcorrido este prazo, as obras non retiradas quedarán á disposición da Fundación Galicia Europa e poderán ser destruídas ou utilizadas na forma que considere oportuna.

A organización resérvase o dereito a facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas as seguintes bases sempre que supoñan melloras que afecten directamente ao éxito do certame.

**MODELO DE SOLICITUDE (ANEXO I)**

**CONCURSO FOTOGRÁFICO "GALICIA INNOVADORA E CREATIVA"**

**NOME**.....

**APELIDOS** .....

**D.N.I.** .....

**TELÉFONO DE CONTACTO** .....

**CORREO ELECTRÓNICO** .....

**DATA DE NACEMENTO** .....

**MODELO DE CÁMARA UTILIZADO**.....

.....a , ..... de ..... de 20..

**Firma,**